"Hai un proceso de adelgazamento das universidades en todo o mundo"

▶ O catedrático advirte de que a educación superior vive a súa decadencia, mesmo co peche masivo de facultades nos Estados Unidos, que xa atopa réplica noutros países ▶ Mentres, en España, di Bermejo, perduran vicios varios

I. CASAL ▸ SANTIAGO

ENTREVISTA

José Carlos Bermejo
Catedrático de Historia Antiga da Universidade de Santiago

José Carlos Bermejo Barrera, durante un momento da entrevista, na Facultade de Historia

Soa a *outsider* académico, ou quizais simplemente unha voz pouco politicamente correcta, que non teme dicir con vehemencia o que moitos pensan, e non confesan, dentro da universidade e na rúa, da realidade da educación superior española. Pero José Carlos Bermejo Barrera fala con moi bo coñecemento de causa: É catedrático de Historia Antiga na Universidade de Santiago de Compostela e nos anos 90 foi decano da Facultade de Historia. E tamén autor de *La autora de los enanos. Decadencia y caída de las universidades europeas*, unha sátira que ilustra a contradición na que -sostén- viven os campus dende hai un par de décadas por mor da entrada neles do discurso da rendibilidade empresarial, chocando de cheo coa súa esencia.

– ¿Ten que ver a súa sátira con proceso de Boloña?

- Claro que ten que ver. O problema é que o proceso de Boloña é unha cerimonia de confusión, non é nada. O documento inicial di que para favorecer a mobilidade dos titulados en Europa haberá equivalencias dos títulos.

– ¿Tratarlase só de axilizar a homologación?

- E aforrarse o proceso de homologación, Boloña non ten nada que ver nin co máster docente nin coa privatización das universidades. É un esquema baleiro. Poño un exemplo: ¿Somos todos os europeos iguais porque teñamos o euro? Non. Uns teñen moitísimos, outros, uns poucos, e outros, ningúns. Pois con Boloña é o mesmo. E en paralelo a isto, hai un proceso de decadencia, un proceso de reconversión das universidades en todo o mundo, o que se chama en América adelgazamento das universidades.

– ¿En que consiste?

- Hai dúas estruturas dos estudos: a europea, blindada, con títulos longos, en universidades públicas con financiamento estatal, e que sería o modelo alemán, francés e en parte o español; e o anglosaxón, máis flexible, cun grao que non serve practicamente para nada e o máster, rexido por criterios durísimos, basicamente de mercado.

– Non obstante, en España os novos másteres oficiais teñen prezos públicos, ¿non é optimista sobre eles?

- Os másteres que se están creando en España non teñen ningún valor no mercado. Hai moitos que non son máis cós cursos de doutoramento que se daban nos anos anteriores e as optativas dos plans de estudos vellos.

– ¿Terá que ver con que se empeze a casa polo tellado?

- Sí. Dende o PP ata Zapatero, con Boloña houbo un proceso de improvisación e incompetencia. Fixéronse cousas e logo se lles deu para atrás e acabouse convertendo todo nun caos.

– ¿Que máis implica o adelgazamento a nivel mundial do que fala?



- En Estados Unidos estanse pechando universidades enteiras, sobre todo de humanidades, porque non teñen interese económico. En Reino Unido tamén se quere reducir o seu número e en Alemaña están pechando facultades enteiras. Unha das circunstancias que explica este proceso de reconversión é que a investigación científico-técnica en Estados Unidos, Xapón ou Alemaña se realiza sobre todo na empresa privada.

– De todos os xeitos, en España pasa xusto ó revés, ¿salva as nosas universidade desa reconversión?

- Aquí están blindadas, e non só iso, ningún reitor quere pechar titulacións que están duplicadas e nas que apenas hai alumnos. Eu non digo que se despida ao profesorado, sería parvo, pero poden movernos, ¿non? Somos funcionarios, ¿por que non se pode trasladar un profesor da Coruña a Santiago ou Lugo?

– ¿Descarta que, pese ao contexto de adaptación a Europa e de crise, se aborde esta cuestión?

- Se os reitores fosen coherentes, abordarían eles mesmos o problema das duplicacións. Se non, dentro duns anos vaise descubrir que a universidade é un monstro disfuncional e vanse tomar medidas drásticas nas que pagarán xustos por pecadores. ¡Se é que estamos como en Harvard! Hai 15 alumnos por profesor, pero claro, eu este ano teño 200, e hai profesores que non teñen case ningún. A repartición da carga de traballo é absolutamente incoherente.

– Mais as novas carreiras terán que xustificar a súa razón de ser cada seis anos para poder seguir...

- Os membros da Aneca son funcionarios, nomeados en función de afinidades políticas, os seus controls non teñen validez. Se os reitores e a Consellería de Educación non se atreven a pechar nada, ¿van pechalas porque chegue un informe negativo da Aneca? Todos sabemos que é mentira.

– ¿Desprézanse as humanidades?

- O primeiro problema coas titulacións de humanidades é que hai un desprezo clarísimo das autoridades políticas e académicas por elas, debido en gran parte á falta de cultura dalgunhas delas, que noutros momentos non había. A iso se lle une un complexo vergonzante de moitos profesores de humanidades que queren xustificar a súa existencia dicindo que eles tamén son tecnólogos, que contribúen ao desenvolvemento.

– No entanto, dalgún xeito estáselle pedindo á universidade que faga cousas con utilidade no mercado, que axuden a sair de crise.

- Imaxina un discurso de Obama dicindo que aos Estados Unidos os vai salvar Harvard ou Berkeley? Non. Aquí temos os reitores e un ministro dicindo que o futuro de España depende dun fulminante invertimento en I+D. Pero non podes converter en bioquímicos os parados do ladrillo (...). Cabréame o que se podería chamar o discurso da universidade redentora, como se as universidades fosen salvar Galicia.



– Pero para cambiar de modelo económico parece indispensable apostar máis polo coñecemento...

- Naturalmente. Hai que cambiar iso, pero é complicadísimo, leva moito tempo. Hai que diversificar o tecido produtivo e levar a cabo unha aposta tecnolóxica, pero iso habería que facelo no mercado real, non na universidade.

■ *icasal@elcorreogallego.es*

EN BREVE

A USC organiza un curso sobre a poesía infantil no século vinteún

A rede de literatura infantil e xuvenil da USC e a Asociación de Escritores en Lingua Galega poñen en marcha o sexto curso *As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora*, sobre a poesía infantil no século XXI, e codirixido por Blanca Roig e Pedro Lucas. O prazo de inscrición estará aberto ata o día 15 ■ECG

El Colegio de Médicos de A Coruña homenajea a facultativos ilustres

El ex presidente de la Xunta Gerardo Fernández Albor, Rafael Fernández, Camilo Gallego, Agustín Ordóñez, Luis Trullenque y José Vázquez serán galardonados con el título de colegiado de honor y la medalla de oro del Colegio Oficial de Médicos de A Coruña en un acto en el Palexco el 27 de junio. Para Diz Lois será la medalla de oro y brillantes ■ECG

Bello Janeiro dirige un curso sobre derecho civil en la Rey Juan Carlos

El catedrático de Derecho Civil de la Universidade de Coruña Domingo Bello Janeiro dirige el curso de verano de la Universidad Rey Juan Carlos de Madrid sobre el derecho civil y la actual crisis económica, que se desarrollará desde el 6 al 10 de julio en Aranjuez. El plazo para solicitud de becas termina el próximo 15 de junio ■ECG

Crítica a la "ralentización" de las ayudas de la Xunta a la compra de coches

El portavoz de Economía e Industria del Grupo Parlamentario do PSdeG, Abel Losada, denuncia la "ralentización" del plan de ayudas de la Xunta para la adquisición de un automóvil, del que asegura que "só existe na web do Igape" y critica que todavía no se haya publicado en el DOG ■ECG

Unos 8.700 alumnos realizarán la selectividad a partir del 17 de junio

Las pruebas de selectividad arrancan hoy en la Comunidad de Madrid, la que antes inicia los exámenes para ingresar en la universidad. Galicia será la última autonomía en celebrarlas, a partir del próximo miércoles 17 de junio. En todo el territorio gallego se examinarán en torno a 8.700 estudiantes ■ECG